

DNI	Apelidos e nome	Posto	Código	Consellería	Denominación	Grupo	Nivel	Centro directivo	Centro destino	Concello	Carácter
76817528-N	Salgado Sueiro, Mónica	14	ED.C99.10.000.27.001.194	Educación e Ordenación Universitaria	Xefe sección de la unidad técnica	B	25	Servizos periféricos	Delegación Provincial de Lugo	Lugo	Provisional
34891280-G	Heras Blanco, Marta María de las	16	EF.C99.10.000.15001.098	Economía e Facenda	Xefe sección arquitecto técnico	B	25	Servizos periféricos	Delegación Territorial da Coruña	A Coruña	Provisional
44451023-G	Pérez Roman, Mª Asunción	1	OT.C03.00.000.15770.014	Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Arquitecto técnico de funcións facultativas	B	22	Dirección Xeral de Urbanismo	D.X. de Urbanismo	Santiago de Compostela	Provisional
36077576-Y	Seijo Rodríguez, Alejo	6	VIA99.10.000.15001.065	Vivenda e Solo	Arquitecto técnico	B	22	IGVS/Áreas Provinciais	Área Provincial da Coruña	A Coruña	Provisional
32640162-B	Martínez Riola, Manuel	11	VP.C99.10.000.15001.009	Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	B	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial da Coruña	A Coruña	Provisional
34980827-N	Ribo Touza, José	12	VP.C99.10.000.36560.105	Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	B	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial de Pontevedra	Pontevedra	Provisional
53528049-B	Fuertes Fernández, Rocío	8	VLC99.10.000.15001.068	Vivenda e Solo	Arquitecto técnico	B	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial da Coruña	A Coruña	Provisional
32796216-X	Carballo Gómez, Mónica Mª	5	VIA03.00.000.15770.028	Vivenda e Solo	Arquitecto técnico de la unidad técnica	B	22	IGVS/Dirección Técnica de Construcións	Dirección Técnica de Construcións	Santiago de Compostela	Provisional
33306609-X	García Ron, Mª Dolores	2	OT.C99.10.000.36001.009	Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Arquitecto técnico de funcións facultativas	B	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial de Pontevedra	Pontevedra	Provisional
44474024-M	Fernández Gómez, Miguel	10	VLC99.10.000.36001.067	Vivenda e Suelo	Arquitecto técnico	B	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial de Pontevedra	Pontevedra	Provisional
32678449-A	Feal Salido, Mª Araceli	3	OT.C99.10.000.36001.010	Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Arquitecto técnico de funcións facultativas	B	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial de Pontevedra	Pontevedra	Provisional

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se fai pública a listaxe de opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 4 de maio de 2007 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso aos corpos de mestres, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional do persoal laboral fixo a que fai referencia a disposición transitoria quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 163, do 23 de agosto de 2007, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 14.173, onde di: «32752932N, CABANAS CAO, FRANCISCO JAVIER, baremo concurso 8,2500, nota final, 8,1675», debe dicir: «baremo concurso 8,4500, notal final 8,2575».

Na mesma páxina, onde di: «32437376Q, CARDALDA GARCÍA, OTILIA, baremo concurso 8,3000, nota final 8,1625», debe dicir: «baremo concurso 9,3000, nota final 8,6125».

Corrección de erros.-Orde do 16 de novembro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 229, do martes 27 de novembro de 2007, cómpre facer as seguintes modificacións:

-Na páxina 18.864, base sétima, omitida a data ata na que se contabilizarán os servizos no corpo de mestres, debe engadirse «a folla de servizos, para os efectos de determinar a puntuación dos concursantes, pecharase o día 16 de novembro de 2007».

-Na páxina 18.866, onde di anexo I, EPAPU do Pereiro de Aguiar (centro penitenciario), Debe engadirse:

«597 32 inglés 1 vacante.
597 33 francés 1 vacante».

-Na mesma páxina, onde di EPAPU Artes e Oficios de Vigo,

«597 38 educación primaria 1 vacante».

Debe dicir:

«597 38 educación secundaria 3 vacantes».

-Na mesma páxina, onde di EPAPU A Lama, debe engadirse:

«597 38 educación primaria 3 vacantes.

590 005 xeografía e historia 1 vacante».

-Na mesma páxina en todos os lugares nos que di: «597 25 inglés», debe dicir: «597 32 inglés».

-Na páxina 18.867, na alínea E) cursos de perfeccionamento, debe engadirse «E.4 Por cada curso superado que teña por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos da educación permanente de adultos, ata 1 punto, presentando certificación delas».

-Na páxina 18.868, onde di: «H) Por cada ano de experiencia docente no ensino de adultos en centros específicos de EPA, Cegebad e as súas extensións», debe engadirse: «1 punto».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 22 de novembro de 2007 pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 17 de xullo de 2007.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de traballo vacantes na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, por Orde do 17 de xullo de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 140, do 19 de xullo), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de traballo vacantes na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, anunciada pola Orde do 17 de xullo de 2.007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 140, do 19 de xullo).

Segundo.-Declarar deserta a provisión do posto de subdirector/a xeral de Planificación, Estudos e Informes.

Terceiro.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2007.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento
Sostible

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 9 de novembro de 2007, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de supervisión de área de formación deste complexo hospitalario.

Convocada por Resolución de 12 de xullo de 2007 (DOG do 1 de agosto), a provisión do posto de supervisión de área de formación do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, a dirección xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño),

RESOLVE:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de supervisión de área de formación do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, convocada, por Resolución do 12 de xullo de 2007 (DOG do 1 de agosto).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-Os aspirantes nomeados deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberase efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou